



Asunto: Solicitude aclaracións expte. Autorización de uso de dominio público para a realización da actividade de cars a pedais.

## RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DE PROTECCIÓN CIDADÁ, SERVIZOS E FESTAS

En data 30 de 2015, aprobouse o expediente para a autorización de uso de dominio público para a realización da actividade de cars a pedais. Asemade, aprobáronse na mesma data os pregos de condicións técnicas e de condicións do outorgamento da concesión e dispúxose a publicación de anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Logo da publicación do correspondente anuncio, o prazo de presentación de solicitudes rematou o día 3 de xuño de 2015, e examinada a documentación da solicitude recibida, observouse que nesta non constaba a xustificación da solvencia técnica, para a que se establece que como mínimo deberá ter realizada a actividade de cars pedais durante un periodo de 30 días, concedéndoselle un prazo para que subsanase a dita omisión.

En data 11 de xuño de 2015 (núm de rex. 2015020554), presentouse certificado da empresa MASGAMES no que se indica que dona Inés Méndez Duarte colaborou nesta actividade. Non queda claro, á vista deste certificado que dona Inés Méndez Duarte prestase durante un periodo de polo menos 30 días esta actividade, polo que, á vista de que é a única oferta presentada, é necesaria unha aclaración da subsanación, a cumprimentar segundo o modelo que se lle achega, nun prazo non superior a tres días hábiles.

Á vista do exposto, por delegación da Xunta de Goberno Local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Requirir a dona Inés Méndez Duarte, para que nun prazo de **3 días hábiles desde a publicación do requirimento na páxina web do Concello**, achegue a aclaración sobre o certificado achegado, segundo o modelo que se xunta.

Segundo.- Publicar anuncio deste requirimento na páxina web do Concello, e conforme ao establecido no prego de condicións, comunicarllo a dona Inés Méndez Duarte telefónicamente.


Pontevedra, 12 de xuño de 2015  
A Concelleira de Protección Cidadá,  
Servizos e Festas

Maria Carme da Silva Méndez



Dou fe, o Secretario da Admón. Municipal

José Carlos Castiñeira Piñeiro



## MODELO

Don/Dona \_\_\_\_\_ con DNI  
\_\_\_\_\_, en nome propio / en representación da empresa  
\_\_\_\_\_, con domicilio en  
\_\_\_\_\_

## CERTIFICO

que dona Inés Méndez Duarte realizou durante un prazo de 30 días a actividade de cars a pedais nos últimos 5 anos.

Lugar e data

Sinatura